



ACTA DA REUNIÓN 25 DE FEBREIRO DE 2014 DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN DE LICENZAS PARA A ACTUALIZACIÓN TECNOLÓXICA DO SOFTWARE DOS SERVIDORES, BACKOFFICE E POSTOS DE ESCRITORIO.

PRESIDENTE:

D. Miguel Ángel Santalices Vieira
Vicepresidente da Mesa do Parlamento de Galicia

VOGAIS:

D^a. Maria Soledad Soneira Tajés
Vicepresidenta 2^a da Mesa do Parlamento de Galicia

D. José Manuel Balseiro Orol
Secretario da Mesa do Parlamento de Galicia

D. Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior do Parlamento de Galicia

D. José María Ameijenda Cuns
Director da intervención xeral e asuntos económicos do Parlamento de Galicia

SECRETARIA:

Dona María Aneiros González
Letrada do Parlamento de Galicia

No Pazo do Parlamento de Galicia, ás 9,15 horas do día **25 de febreiro de 2014**, reúnen-se as persoas relacionadas, que constitúen a Mesa de Contratación encargada de estudar a documentación xeral das ofertas presentadas para tomar parte na contratación administrativa, mediante procedemento aberto, para a subministración de licenzas para a actualización tecnolóxica do software dos servidores, backoffice e postos de escritorio.

Orde do día:

Punto único.- Constitución da Mesa de contratación e apertura e exame da documentación incluída no sobre "A" (Capacidade para contratar e solvencia económica, financeira e técnica e profesional dos licitadores).

De seguido procedese a:

PRIMEIRO.- Polo Sr. Presidente declárase constituída a Mesa.

A continuación, a Secretaria achega a certificación do xefe do Servizo de Asistencia Parlamentaria do Parlamento de Galicia na que se fan constar a proposición presentada, que é a seguinte:

EMPRESA	registro núm.:
Seidor, s.a.	19905

SEGUNDO.- Seguidamente a Mesa de contratación procede ao estudo da documentación xeral contida no sobre A presentado.

Examinada a continuación toda a documentación incluída no sobre A da proposición presentada, a Mesa de Contratación comproba que presenta a documentación administrativa requirida segundo o establecido na cláusula sétima dos pregos, polo tanto acorda admitila para continuar no procedemento de contratación.

A Mesa de contratación acorda convocar a sesión pública de apertura do sobre B o 26 de febreiro, ás 9,45 horas.

Non habendo máis asuntos que tratar, ás 9,30 horas levántase a sesión, asinando os asistentes a presente acta, no lugar e data ao principio indicados.



Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente



Maria Soledad Soneira Tajés
Vogal



José Manuel Balseiro Orol
Vogal



Xosé Antón Sarmiento Méndez
Vogal



José María Ameijenda Cuns
Vogal



María Aneiros González
Secretaria